

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel

Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Carlos Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Lantarón Caeiro, Eva María
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Barbeito Pérez, Sara
Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Gómez Rodríguez, Alma M^a
Torres Romay, Emma

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 13 de xaneiro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 13 de xaneiro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral xunto con varios membros do equipo de goberno así como os membros do órgano que o solicitaron previamente, asisten presencialmente. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

• Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado

• Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.

O reitor sinala que a proposta foi acompañada co resto da documentación polo que non é necesario dar lectura a todas as persoas premiadas, que son as seguintes:

AMBITO ARTE-HUMANIDADES	
CANDIDATO/A	CAMPO CNEAI
1. Raquel Pereira Romasanta	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Lingüística)
2. Carla Bouzada Jabois	11.ffl (Filosofía, Filoloxía e Lingüística)
3. Iria Souto Castro	10.ha (Historia Xeografía e Artes)
4. Manuela Elisabeth Rodríguez González	10.ha (Historia Xeografía e Artes)
ÁMBITO CIENCIAS	
CANDIDATO/A	
1. Ana López Malvar	05.cn (Ciencias da Natureza))
2. Lola Rueda Ruzafa	04.cb (Ciencias Biomédicas))
3. Sara Gil Guerrero	02.q (Química
4. Pascual García Pérez	05.cn (Ciencias da Natureza)
5. Estefanía González Fernández	05.cn (Ciencias da Natureza)
6. Manuel Conde Cid	05.cn (Ciencias da Natureza)
7. Lucía Penín Sánchez	05.cn (Ciencias da Natureza)
8. Pablo Estévez Bastos	05.cn (Ciencias da Natureza)
9. Coral Salvador Gimeno	05.cn (Ciencias da Natureza)
10. Noelia Cambeiro Pérez	04.cb (Ciencias Biomédicas)
11. Beatriz Míguez Alonso	02.q (Química
12. Daniela Sofía Rodrigues Amorin	04.cb (Ciencias Biomédicas)
ÁMBITO ENXEÑARÍA-ARQUITECTURA	
CANDIDATO/A	



UNIVERSIDADE
DE VIGO

1.	Ana Sánchez Rodríguez	06.III. aiccu (Arquitectura, enxeñaría civil, construción e urbanismo)
2.	Mar López Rodríguez	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
3.	Luís Miguel González de Santos	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
4.	Raquel Pérez Orozco	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
5.	Silvia García Méndez	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
6.	Margarida Amelia Freitas Pereira	06.II. icce (Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica)
7.	Jacobo González Baldonado	06.I.tmp (Tecnoloxías mecánicas e da produción)
ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL		
CANDIDATO/A		
1.	Mónica García Freiría	09.dj (Dereito e xurisprudencia)
2.	Blanca Otero Otero	09.dj (Dereito e xurisprudencia)
3.	Ana María Rodríguez González	07.1 cspc (Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento)
4.	Antón Kalén	07.1 cspc (Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento)
5.	Rosana Martínez Román	07.2 ce (Ciencias da Educación)
6.	Miguel Adriano Sánchez Lastra	07.2 ce (Ciencias da Educación)
7.	Javier Abuín Penas	07.1 cspc (Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento)

Apróbase por asentimento a listaxe de premios extraordinarios de doutoramento.

2. Aprobación, se procede, da memoria para a solicitude de verificación do título de Mestrado en enxeñaría aeronáutica.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen sinala que toda a documentación foi posta a disposición dos membros do Consello de Goberno e que foi aprobada por unanimidade pola Escola de Enxeñaría Aeroespacial. O reitor fai un breve resumo da tramitación do título ata o momento actual, en concreto, o seu carácter interuniversitario coa Universidade da Coruña, malia que agora mesmo está a solicitarse como título individual para a UVigo, tras non acadarse un acordo entre ambas Universidades, malia que aínda sería posible. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado subliña que a Universidade da Coruña foi quen rompeu o acordo previo e que agora estase a seguir o trámite ordinario, destacando a lealdade institucional da Escola de Enxeñaría Aeroespacial no proceso. A memoria xa estivo en exposición pública (con só cinco emendas de carácter técnico) e pasou pola COAP que informou positivamente.



O reitor agradece a todas as persoas implicadas no proceso, en particular, á Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

Apróbase por unanimidade a memoria.

3. Aprobación, se procede, dunha modificación no artigo 6 do Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos na UVigo.

O reitor explica o asunto que motiva este cambio, derivado dunha situación de acoso que sofre unha alumna dun centro adscrito que quere cambiar de centro. Cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que, na liña segunda do artigo seis do Regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos na Universidade de Vigo onde di: "Non se poderá acceder ao mesmo grao en distinto centro mediante ningún tipo de admisión diferente ao de cambio de centro establecido neste regulamento", proponse que diga: "Non se poderá acceder ao mesmo grao en distinto centro mediante ningún tipo de admisión diferente ao de cambio de centro establecido neste regulamento, agás casos de excepcional gravidade". Isto permitiría resolver a situación creada. A proposta de modificación conta coa aquiescencia da xefa do Servizo de Xestión de Estudos de Grao, que foi a responsable da elaboración do dito Regulamento.

María José Ríos pregunta quen ten que aprobar o cambio de centro neste caso puntual e o reitor explica que os decanatos xa están avisados e que o aprobaría o reitor mediante resolución motivada.

Apróbase por asentimento a modificación.

4. Aprobación, se procede, dunha comisión de servizo no Departamento de Dereito Público Especial.

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que explica o seguinte respecto do punto:

- Peticionaria: Emma Rodríguez Rodríguez, Profesora titular de universidade (1/12/2021) na área de Dereito do traballo e a seguridade social.
- Destino: Ministerio de Traballo e Economía Social.
- Funcións: Vocal asesora do gabinete da Secretaría de Estado de Emprego e Economía Social.
- Efectos: 1 de febreiro de 2022.
- Duración: 1 ano
- Conta co informe favorable do Consello de Departamento.

O reitor celebra o nomeamento.

Apróbase por asentimento.



O Reitor agradece a presenza e lembra o acto de Santo Tomé o día 28 de xaneiro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:16 h. do día 13 de xaneiro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral